

PROGRAMA TROULEANDO AQUAPARK CERCEDA



Para o mes de xuño, dentro do programa TROULEANDO, propoñemos unha xornada no Aquapark de Cerceda, un parque acuático cunha ampla e variada gama de atraccións nas que pasar unha xornada de ocio con aquatubos, piscina de ondas, roaller coaster, tobogán de donuts, kamikaze, etc.

A actividade terá lugar o xoves 22 de xuño. Sairemos en bus dende o Pazo da Peregrina ás 11.15h e da Casa da Cultura de Milladoiro ás 11.30h. O regreso aproximado está previsto para as 20.15h en Milladoiro e 20.30h en Bertamiráns.

Poden inscribirse os/as mozos/as empadroados/as no Concello de Ames, dende os 12 anos cumpridos (nados en 2010), enviando a ficha cuberta e **asinada** a xuventude@concellodeames.gal entre o 8 e o 14 de xuño. As prazas son limitadas (55 por orde de chegada ata completar as prazas dispoñibles). Será preciso contar cun mínimo de 25 mozos/as para desenvolve-la actividade, en caso contrario, o Concello de Ames, poderá anular a actividade.

Calquera dúbida contacta con nós no correo electrónico xuventude@concellodeames.gal

Debes traer mochila con toalla, roupa de baño, chanclas, gorra, crema solar 50, e muda. Os participantes deben traer a comida e merenda da casa, ou adquirirla comprándoa no propio parque.

Trouleando Aquapark

Nome e apelidos

Telf Data nacemento

DNI Correo-e

Enderezo:

PARADA BUS (X)	LUGAR E HORARIO APROX	ADULTO/A RESPONSABLE DA RECOLLIDA DO/A PARTICIPANTE MENOR Á VOLTA (de selo caso)
<input type="checkbox"/>	Pazo Peregrina Ida 11.15h Volta 20.30h	NOME E APELIDOS E DNI <input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	Casa Cultura Milladoiro Ida 11.30h Volta 20.15h	NOME E APELIDOS E DNI <input type="text"/>

Os participantes menores deben ser recollidos na parada polos pais/nais/titores-as ou representantes legais, agás autorización expresa por escrito.

(Autorización paterna **SÓ** en caso de menores de idade)

D./Dª

DNI como pai, nai ou titor/a do/a solicitante autorizo ao mesmo/a a participar nesta actividade asino a miña conformidade e formalizo a presente inscrición. **Así mesmo, declaro que o/a menor sabe nadar e se atopa en condicións físicas axeitadas para o desenvolvemento da actividade.**

Ademais AUTORIZO NON AUTORIZO ao Concello de Ames a captación de fotografías, a gravación de imaxes e o rexistro de sons deste evento no que apareza o/a antedito/a participante, ben a título individual ou formando parte dun grupo. Poderán destinarse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Ames, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin o contexto no que foron captadas.

Asdo.

(solicitante maior de idade ou pai- nai- titor/a do/a menor de 18 anos)

Información relativa ao tratamento dos seus datos persoais:

O responsable do tratamento dos datos achegados pola persoa solicitante é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica da Oficina Municipal de Información Xuvenil, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal, no interese público e no consentimento das persoas interesadas nestas actividades.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión á empresa que presta o servizo "TROULEANDO: Aquapark"; se fose necesaria algunha outra cesión a terceiros, será previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES